



Criterios asignación ordenadores portátiles UBUNTU

FOMENTO DO SOFTWARE LIBRE

- Co obxectivo de fomentar do software libre, o IES Universidade Laboral pon a disposición do alumnado ordenadores portátiles que dispoñen da distribución Linux UBUNTU como sistema operativo.
- A posta a disposición do alumnado dos portátiles UBUNTU será publicada no propio centro educativo e a través das redes sociais. No anuncio estará indicado o prazo para a solicitude dos equipos.
- A alumna ou alumno que queira dispor dun dos ordenadores fará a solicitude a través do seu titor ou titora.
- A titoría do alumno ou alumna solicitante transmitirá a petición ao equipo TIC do centro a través do correo electrónico admin@ulaboral.eu
- No caso que haxa máis solicitudes que equipo dispoñibles, o equipo TIC valorará as solicitudes recibidas tendo en conta os seguintes criterios:
 - Expediente académico do alumno ou alumna solicitante.
 - Informe da titoría do alumno ou alumna.
- En todo caso, será necesario unha valoración positiva do equipo docente do alumno ou alumna solicitante para poder acadar a cesión dun dos equipos UBUNTU.
- Os equipos UBUNTU serán cedidos ata o remate do académico tendo que ser devoltos ao centro con data límite o 30 de xuño. No caso de que o alumno ou alumna queira seguir facendo uso do equipo máis aló desa data, solicitarao a través da titoría, encargándose o Equipo TIC do centro de resolver dita solicitude.
- O alumnado ao que se ceda o equipo asinará unha asunción de responsabilidade do equipo cedido e de compromiso de devolución do mesmo en boas condicións ao remate da cesión.
- No caso de que produzan variacións significativas nas circunstancias do alumnado desde o momento da solicitude (baixa no centro, informe negativo da titoría, apertura de expediente...), o alumnado devolverá o equipo no momento que se lle solicite.

Para calquera cuestión sobre a cesión dos ordenadores UBUNTU pode ser realizada ao coordinador TIC do IES Universidade Laboral no correo admin@ulaboral.eu

